



**INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO
PARLAMENTO DE GALICIA NA PRESENTACIÓN
DA EXPOSICIÓN *AQUELES PRIMEIROS ANOS*
(1981-1989) NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
LUGO**

Pazo de San Marcos

5 de setembro 2012// 18.00h

Presidente da Deputación Provincial de Lugo,

Deputados,

Autoridades,

Señoras e señores,



“Aqueles primeiros anos (1981-1989)”, a exposición retrospectiva que ocupou un lugar moi destacado na celebración do trixésimo aniversario do Parlamento de Galicia en 2011, chega hoxe a Lugo, continuando así coa andaina que iniciamos o pasado mes de abril no Senado de España, e que está a levar a exposición polas catro provincias galegas.

De modo que, en primeiro lugar, lle quero agradecer ao presidente da Deputación Provincial de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, esta acollida tan cálida, e todas as súas atencións para facilitar a montaxe da mostra nesta espléndida Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos.

A mostra de carácter histórico-cultural que lles presentamos quere ser un acto de homenaxe en recordo das deputadas e dos deputados das dúas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galicia, que nos deixaron o listón moi alto, co seu traballo arreo naqueles difíciles comezos da nosa primeira institución pública.



Tras a implantación da democracia en España e amparado pola Constitución de 1978, o primeiro Parlamento de Galicia constituíuse en Santiago de Compostela o 19 de decembro de 1981 no pazo de Xelmírez. Seis meses despois, pasou ao pazo de Fonseca, onde permaneceu ata 1989, cando xa estreou a sede actual no pazo do Hórreo.

A Cámara galega converteuse desde a súa constitución primeira no eixe central da nosa vida política. Se calquera Parlamento ten que ser, en cada momento, un nítido reflexo de todo o que preocupa e acontece no seu ámbito territorial, as deputadas e os deputados daquel tempo cumpriron sobradamente coa súa obriga histórica.

Alí foi onde se fraguaron os grandes consensos que permitiron a aprobación das leis básicas emanadas do noso Estatuto de autonomía de 1981.



Unhas leis esenciais que lle permitiron á nosa Comunidade ir medrando pouco a pouco no seu autogoberno, na súa autoestima e tamén no seu benestar, malia todas as dificultades do momento presente.

Por iso, hoxe máis que nunca, cremos oportuno recordar aqueles primeiros anos do noso Parlamento, que estaban practicamente esquecidos pero que resultaron decisivos no noso devir. E, por iso, tamén, pensamos que a celebración do trixésimo aniversario era un momento ideal para rescatar e poñer en valor os feitos e as vivencias máis salientables das dúas primeiras lexislaturas.

Co permiso e a comprensión de todos vostedes, permítanme personalizar estes bos sentimentos nas persoas do primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, quen morreu coas botas postas naqueles anos, e do primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor.



Uns bos sentimentos que fago extensivos, naturalmente, a todos aqueles deputados pioneiros. E de xeito moi especial ás catro primeiras mulleres da Cámara galega: Emma González Bermello, María do Carmen Lovelle Alén, Rosa Gómez Limia e Flora Veiga Aldariz, esta última xa finada.

Elas lograron abrirse un oco pequeniño naquelas dúas primeiras lexislaturas, e encabezaron a presenza das mulleres galegas na vida política, hoxe felizmente normalizada, como o demostra o feito de que nesta VIII lexislatura as deputadas chegamos a ser maioría no Parlamento de Galicia. (38 a 37).

Antes de terminar a miña intervención, quero expresar o meu agradecemento a todas aquelas persoas que dun ou doutro xeito contribuíron a que esta mostra tomase finalmente a forma debida, comezando polo seu coordinador xeral, Rafael López Torre, e seguindo por cantos colaboraron con el nos complexos labores de documentación, redacción, deseño, produción e execución material.



Presidente, de novo moitas grazas pola acollida desta mostra. E moitas grazas a todos vostedes que nos acompañan coa súa presenza neste acto. Esperamos e desexamos que lles guste a exposición, que non pretende senón recordar unha parte tan importante e a miúdo esquecida da nosa historia recente. Por iso convíddolles a recorrela connosco ao final deste acto.

Moitas grazas.